



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-6

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

17 de Xuño de 2025

Lugar

SALON DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:00

Hora de Finalización

10:10

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

CRISTINA GOMEZ DOBARRIO
DANIEL DE DIOS MANSO
EMILIO FERNANDEZ PARADA
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 05.06.2025 (ACTA 5/2025)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

2º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 16/2025 CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA. PARA AMORTIZACION ANTICIPADA DE PRESTAMOS.

Dáse lectura ao expediente núm. **16/2025**, (faise constra que por erro fíxose constar na orde do día expediente 15/2025) tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2024**.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente; neste caso concreto a amortización anticipada dos dous préstamos a longo prazo formalizados con entidades de crédito.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Aberto un turno de intervencións, a Sra. Manso Rodríguez (**PP**) preguntou para qué foran os





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

préstamos (informóuselle de que eran dos anos 2004 e 2006, un deles refundindo incluso outros anteriores, e foran para obras municipais daqueles anos); tralo que anuncia o voto favorable do seu Grupo, por estar a favor da redución da débeda municipal.

Polo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **16/2025**, de suplementos de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por unanimidade dos sete membros que legalmente o forman (**cinco** do **PSdeG-PSOE** e **dous** do **PP**), **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **16/2025** a través de suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
911.011	Amortizacións de préstamos a longo prazo	15.000,00
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		15.000,00

PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	15.000,00
TOTAL		15.000,00

SEGUNDO. Expor ao público este expediente de modificación de créditos **16/2025** durante o prazo dos seguintes quince días hábiles desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3º. CONVENIO COA C.M.V.M.C. DE NOCEDO DO VAL PARA A EXECUCION DA OBRA DE PAVIMENTACION E INFRAESTRUTURAS EN RUA CANCELIÑA EN NOCEDO DO VAL.

A continuación por parte da Alcaldía, díuse lectura á seguinte Proposta:

*"Logo de ver o acordo que adoptou a Asamblea da CMVMC de **Nocedo do Val**, na súa sesión de data **07.06.20256**, sobre a sinatura dun convenio có Concello para a execución de obras de **"Pavimentación e infraestruturas en Rúa Canceliña"**, en Nocedo do Val; e ao considerar*





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

o mesmo conveniente tanto para os intereses dos veciños da localidade de Nocedo do Val, como para os xerais do concello, é polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte,
ACORDO:

PRIMEIRO: *Aceptar a proposta de sinatura dun convenio de colaboración entre a CMVMC de Nocedo do Val e o Concello de Castrelo do Val, no sentido do acordo que adoptou a Asamblea Xeral da devandita Comunidade na súa sesión de data **08.06.2025**, nos termos da certificación que do mesmo se aportou ao Concello e que consta no expediente; e na súa consecuencia,*

SEGUNDO: *Aceptar a aportación gratuita e irrevocable da cantidade máxima de **15.000,00** (quinze mil) euros por parte da CMVMC de **Nocedo do Val**; coa finalidade de que o concello pague a execución das obras sinaladas en Nocedo do Val ata o importe máximo sinalado; para a execución completa da obra correspondente á subvención da Dirección Xeral de Administración Local, dentro do programa de mellora de infraestruturas municipais (PR486A) que conta cun orzamento total de 50.000,00 (cincuenta mil) euros*

TERCEIRO: *Certificada a obra completa e recepcionada polo Concello, éste expedirá a oportuna carta de pagamento e certificación de obra para constancia e xustificación do pagamento por parte de CMVMC de Nocedo do Val.*

CUARTO: *Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio".*

Aberto un turno de intervencións, a Sra. Manso Rodríguez (**PP**) manifestou que en principio a idea parécelles ben.

A continuación o Sr. Alcalde fixo uso da palabra para sinalar que igual se preguntan os concelleiros por este convenio, xa que é o primeiro que se trae a Pleno; pero quero dicir -continúa- que non é a primeira colaboración entre Concello e Comunidades de Montes; porque hai comunidades que están a colaborar có Concello nas obras que tanto as comunidades de montes como o Concello crén necesarias nos sesu pobos; e hai outras comunidades que fan as obras que a elas lles apetece, sen consultar có Concello, ou dicen que é o Concello o que ten que colaborar coas comunidades de montes.

E quero dicir que hai varias formas de colaboración, por iso non se teñen traído este tipo de convenios; este ven ao Pleno -dí- porque o Concello fixo o proxecto completo (da obra) e a subvención foi do 70% polo que a CMVMC debe asinar convenio para que a obra se faga pola totalidade polo Concello.

Remata a súa intervención lembrando anteriores proxectos en colaboración con CMVMC como a de Campos con proxectos de 295.000,00 e 62.000,00 euros; Pepín, Vilar, Sanguñedo, Veiga de Nostre, Fontefría e Portocamba, facendo constar expresamente o seu agradecemento a todas elas por esas colaboracións.

No habendo máis intervencións, a proposta sométese a votación, e o Pleno, por cinco votos a favor (**PSdeG-PSOE**), ningún en contra e dúas abstencións (**PP**); logo de ver o acordo que adoptou a Asamblea da CMVMC de **Nocedo do Val**, na súa sesión de data **07.06.2025**,





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

sobre a sinatura dun convenio có Concello para a execución de obras de **“Pavimentación e infraestruturas en Rúa Canceliña”**, en Nocedo do Val; e ao considerar o mesmo conveniente tanto para os intereses dos veciños da localidade de Nocedo do Val, como para os xerais do concello, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aceptar a proposta de sinatura dun convenio de colaboración entre a CMVMC de Nocedo do Val e o Concello de Castrelo do Val, no sentido do acordo que adoptou a Asamblea Xeral da devandita Comunidade na súa sesión de data **08.06.2025**, nos termos da certificación que do mesmo se aportou ao Concello e que consta no expediente; e na súa consecuencia,

SEGUNDO: Aceptar a aportación gratuita e irrevocable da cantidade máxima de **15.000,00** (quince mil) euros por parte da CMVMC de **Nocedo do Val**; coa finalidade de que o concello pague a execución das obras sinaladas en Nocedo do Val ata o importe máximo sinalado; para a execución completa da obra correspondente á subvención da Dirección Xeral de Administración Local, dentro do programa de mellora de infraestruturas municipais (PR486A) que conta cun orzamento total de 50.000,00 (cincuenta mil) euros

TERCEIRO: Certificada a obra completa e recepcionada polo Concello, éste expedirá a oportuna carta de pagamento e certificación de obra para constancia e xustificación do pagamento por parte de CMVMC de Nocedo do Val.

CUARTO: Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

